

SECTOR SANITARIO PRIVADO EN GALIZA

DATOS FACILITADOS POR AHOSPGAL. Informe 'Sanidade Privada en Galicia: importancia e áreas de colaboración coa Administración' (ano 2012).

GALIZA Sector Sanitario

Nº EMPRESAS	FACTURACIÓN	EMPREGO
5841	740m. €	10418 traballadores/as
	1,3% do PIB galego no 2010	1% dos ocupados en Galiza

GALIZA Sector Hospitalario

Nº HOSPITAIS	Recursos Económicos
Públicos privados	Facturación 273m.de €
17 24*	Patrimonio neto 211m. de €
*5,5% dos h. privados de España	Inmovilizado mat. 116m. de €
*58,5% dos h.totais de Galiza	Gastos persoal 165m. de €

HOSPITAIS AHOSPGAL

Nº HOSPITAIS	Nº CAMAS	Nº QNOS	Nº TRABALLADORXS	FACTURACIÓN
12	1716	80	5000	300m. de€
35% dos de Galiza				

INDICADORES DE ACTIVIDADE ANUAL H. AHOSPGAL

INGRESOS	CIRURXÍA	C. EXTERNAS	URXENCIAS	OUTROS
68000	83000	1.180.000	332.000	Radioloxía.- 530.000 probas
Estancias	Utiliz qno > 80%			Laboratorio.- 398.000 probas
298.000				Rehabilitación.- 366.000 sesións
Est media				
< 4 días				
47% DA	ACTIVIDADE	CORRESPONDE	A	DERIVACIÓNS SERGAS

A sociedade Sanatorio Cirúrxico Modelo (pertecente dende o 2014 ao grande grupo empresarial HM Hospitais) facturou 29 millóns de euros en 2012 (dous máis que o exercicio precedente) alcanzando uns beneficios de 3,37 millóns de euros, fronte aos 1,95 millóns do exercicio anterior.

O Instituto Policlínico Santa Teresa, rexistrou unha cifra de negocio de 20,3 millóns e uns beneficios de 1,5 millóns. Este hospital pertecente ao grupo Quironsalud, foi comprado no 2016 pola compañía alemana Helios, propiedade do operador de hospitais privados Fresenius, que adquiriu toda a empresa Quironsalud, dando lugar ao maior grupos sanitario privado de Europa.

O Instituto Médico Cirúrxico San Rafael, no 2012, sumou vendas por valor de 18,5 millóns de euros, e superou uns beneficios de 1,6 millóns.

O Instituto Policlínico A Rosaleda SA, que comprende tanto o centro da Rosaleda como o hospital A Esperanza, facturo máis de 18,6 millóns en 2012. Pechou este exercicio cunha ganancia de 528.000 euros. Tamén foi comprado en outubro de 2016 polo grupo HM.



Dende primeiros de ano estase a negociar o Convenio da Sanidade Privada da provincia da Coruña.

Durante todo o tempo transcorrido até agora, a parte sindical foi modificando a súa proposta inicial, facendo importantes concesións co ánimo de conseguir avances na negociación que posibilitaran chegar a un acordo. Deste xeito a petición inicial dun incremento salarial 3% anual rebaixouse ate o 1,8% e a renunciouse a melloras das condicións de traballo como a diminución da xornada semanal ou o incremento de días de permiso por enfermidade ou falecemento dun familiar.

Non obstante, en ningún momento houbo esta mesma disposición por parte da Patronal.

A proposta inicial da parte empresarial descartaba calquera modificación e/ou mellora das condicións laborais reguladas polo Convenio, só ofertaba a esmola dun incremento salarial dun 0,625 % e iso si, demandaba unha vixencia do convenio de tres anos (hipotecando as condicións laborais dos traballadores/as durante este tempo).

Esta foi a súa proposta inicial e final, non fixeron ningunha concesión as peticións da representación sindical

Por iso despois de meses e meses nos que non houbo nin o mínimo avance na negociación, nos que a patronal puxo todos os obstáculos posibles negándose a facer nin a mínima concesión a parte sindical, as OOSS que forman parte da Mesa Negociadora comezaron cun calendario de mobilizacións co fin de impulsar este proceso negociador.

En Galicia, o 45% dos hospitais son privados e case o un 80% teñen establecido algún tipo de concerto coa sanidade pública.

A pesares disto, tampouco houbo durante este tempo ningunha preocupación da Consellería de Sanidade pola parálise da negociación, cando a Consellería, que concerta servizos sanitarios públicos cos centros sanitarios privados, tería que asumir tamén responsabilidades polas condicións laborais ás que se somete ao persoal destes centros.

Cando os/as profesionais da Sanidade Privada aspiran a un incremento digno dos salarios, de que salarios estamos a falar?... Pois de, por exemplo, salarios brutos para un/unha enfermeiro/a de 1.002,76 euros mensuais, de 841,05 euros para un/unha auxiliar de enfermaría ou de 755,33 para un /unha pinche de cociña, limpador/a, etc.

Durante anos, coa desculpa da crise, os salarios estiveron practicamente conxelados.

Pero os hospitais privados, en mans de grandes grupos empresariais (HM Hospitais, Helios, Vithas), esquivaron a crise con beneficios millonarios. Como poden ofrecer agora un mísero incremento do 0,625%, cando os beneficios empresariais están a subir cada ano máis?.

Entendemos que os profesionais da Sanidade Privada temos gañado un incremento xusto dos salarios e unha mellora digna das nosas condicións laborais, xa que participamos co noso esforzo e voluntarismo en que as nosas empresas incrementen as súas ganancias, facendo un traballo de calidade e potenciando a imaxe de marca das mesmas.

Así mesmo, a compra dos centros sanitarios da nosa provincia por parte das grandes corporacións sanitarias só pode querer dicir que tamén contribuímos a mellorar tanto o seu valor de mercado como o seu atractivo para estes grandes grupos empresariais.

Polo antedito, entendemos que nos estamos pedindo nada, senón reivindicando unha xustiza laboral para o colectivo de traballadores/as da Sanidade Privada, máxime cando é a Consellería de Sanidade a que proporciona o 47% da carga de traballo destes centros.

Solicitamos dos Grupos Políticos representantes do pobo galego no Parlamento de Galiza que recollan estas demandas, soliciten na medida das súas posibilidades á patronal un cambio de actitude, e se dirixan á Consellaría de Sanidade para que medie neste conflito e así acadar unha solución definitiva que satisfaga as demandas do colectivo de traballadoras e traballadores da sanidade privada da provincia da Coruña.

HOSPITAIS AHOSPGAL

A Coruña

Grupo Hospitalario Modelo

Instituto Médico Cirúrxico San Rafael

Grupo Hospitalario Quirón-USP Santa Teresa

Santiago de Compostela

Instituto Policínico A Rosaleda

Hospital A nosa Señora da Esperanza

Lugo

Sanatorio Nosa Señora dos Ollos Grandes

Policlínico Lucense, SA (POLUSA)

Ourense

Cooperativa Sanitaria de Galicia (COSAGA)

Centro Médico A Carmen

Pontevedra:

Hospital Miguel Domínguez

Vigo

Hospital A nosa Señora de Fátima

Hospital POVISA

Hai que facer notar que deste volume de negocio hai que excluír a grandes hospitais que non figuran nos datos recollidos xa que non pertencen á asociación, Hospital Juan Cardona ou o Oncolóxico de Galicia, o que nos indica unha maior participación pública e uns datos de asistencia e ganancia maiores aínda.